




Ano I. Boletín nº 9 Mayo 2012

Contenido

As seis mellores alternativas a CCleaner, gratis e en español	2
CCleaner, o rei a destronar	2
Argente Disk Cleaner, a opción española	3
BleachBit, o limpador espartano	3
Wise Disk Cleaner, o vello sabio da montaña	4
JetClean, o novo pretendente.....	4
TuneUp, o peso pesado	5
Primeiros auxilios informáticos: non fai falta formatear	6
1. Despexar a zona de aterraxe.....	6
2. Establecer un perímetro de seguridade.....	7
3. Abrir unha canle de comunicación	8
4. Sacar todo o lixo	8
5. Instalar actualizacións e ferramentas esenciais	9
6. Desfragmentar o disco duro.....	9
7. Os últimos flocos	10

As seis mellores alternativas a CCleaner, gratis e en español




Un PC produce moito lixo. Non lixo real, do que fede, senón lixo informático, datos residuais e pegadas que, ademais de ocupar espazo inutilmente, poñen en risco a túa privacidade. Falamos de cachés de navegadores, cookies, arquivos mal borrados e moito máis.

Os programas limpadores son os varredores do sistema operativo. Encárganse de pasar a vasioira polo disco duro e recoller todo tipo de trazas e arquivos inservibles, xa sexa claves do Rexistro de Windows ou vistas previas de imaxes.

CCleaner é o rei dos limpadores de Windows. Gañou a primeira posición grazas á súa enorme calidade, que se aprecia na facilidade de uso e na eficacia ao limpar. Pero cos anos apareceron **alternativas moi interesantes a CCleaner**. Mostrámoschas a continuación.

CCleaner, o rei a destronar

CCleaner é o limpador de Windows que moitos de nós usamos regularmente. Ademais do seu escáner de arquivos lixo, ten un limpador de Rexistro e útiles ferramentas, como un desinstalador e un editor de inicio. Ten **versión portable**.




A familiar ventá de CCleaner, copiada por tantos e tantos limpadores

Está traducida a moitos idiomas (español incluído aínda que non galego), e o seu aspecto é limpo e agradable. Na nosa proba cun ordenador normal sen optimizar, encontrou 622 megabytes de arquivos lixo, o que non está nada mal.

Argente Disk Cleaner, *a opción española*

Argente Disk Cleaner é un limpador de arquivos lixo hispanofalante. Ademais dos navegadores e carpetas do sistema, busca lixo de máis de 150 programas. A súa presentación é impecable e está en bo español. Non ofrece ferramentas extra.




Unha peculiaridade de Argente Disk Cleaner é que non permite escanear disco e programas á vez.

O escaneo de disco tardou 3 minutos e 44 segundos e non dixo canto espazo ía gañar. En canto ao escaneo de privacidade, non ten vista previa dos elementos que se van borrar.

BleachBit, o limpador espartano


BleachBit é o limpador máis sinxelo da comparativa. A súa ventá consta dunha columna de casas para cada ámbito a limpar e dunha ventá que explica cada opción. Está en español e tamén ten unha **versión portable**.



BleachBit encontrou **667 megabytes de arquivos lixo**, un rendemento realmente impresionante. A falta de máis opcións e ferramentas, non obstante, decepciona. Só para espartanos.

Wise Disk Cleaner, o vello sabio da montaña

Wise Disk Cleaner é un limpador de arquivos que conta cunha longa traxectoria. A súa última versión ten un aspecto magnífico e está traducida ao español. Nas opcións pódese activar o borrado seguro dos ficheiros.



O escaneo normal achou só **87,9 megas** de arquivos lixo, pero na pestana Reducir tamaño SO, mostrou **2,8 gigabytes** de arquivos que se podían eliminar. Unha separación pouco intuitiva, aínda que eficaz.

JetClean, o novo pretendente


JetClean é un limpador de terceira xeración. A súa entrada en escena foi impresionante, tanto que lle dedicamos unha análise a fondo e un duelo con CCleaner, do cal saíu case vitorioso. Está en español e ten numerosas ferramentas extra.



JetClean **encontrou 613 megas** de arquivos lixo. Tamén é certo que ademais de buscar arquivos se ofreceu para limpar a memoria RAM: bo rapaz!

TuneUp, o peso pesado

TuneUp Utilities abrangue todos os ámbitos de limpeza e optimización de Windows. A limpeza de arquivos lixo é só unha das súas moitas funcións (ten máis de 30). Quixemos poñela a proba e comparala á dos demais limpadores.



Na nosa proba, TuneUp Utilities **achou 611,96 megas** de arquivos lixo. Non está nada mal! Se ademais sumamos outras ferramentas de limpeza, como a de puntos de restauración, o espazo que pode recuperar ascende a **8,94 gigabytes**.

FCleaner, despois da C vén... a F!

FCleaner é segundo moitos un calco de CCleaner; para outros, unha das mellores alternativas. Ten as mesmas ferramentas, pero un aspecto distinto. Para instalar a tradución ao español hai que descargar un **arquivo á parte**. Hai **versión portable**.



FCleaner foi fulminante. **Achou 780,71 megas depois de i0,494 segundo!** Por quantidade de megabytes liberados e tempo empregado, merece sen dúbida que o probes.

Artigo de Fabrizio Ferri-Benedetti


Primeiros auxilios informáticos: non fai falta formatear

O outro día, unha amiga pediume que **formatease o seu portátil e reinstalase Windows**. Os programas tardaban unha eternidade en cargarse e algúns non funcionaban, así que un informático lle aconsellara facer tabula rasa e partir de cero. Eu arqueei unha cella: **"Formatear"? Para que? "**. Expliqueille que, a menos que o sistema estivese feito un desastre (léase hardware danado), en dúas de horas poderíanse solucionar eses problemas de rendemento. Como? Pois botando man dunhas cantas **ferramentas de limpeza, optimizado e seguridade**.

1. Despexar a zona de aterraxe

Un ordenador enfermo arranca moi devagar e os seus programas quedan pensando moito tempo; o sistema enteiro parece moverse a través dunha piscina de melaza. En semellante situación, traballar é imposible.

O primeiro é liberar memoria. Para iso, executa **Process Explorer** dende unha memoria USB e pecha todos os procesos non-esenciais. Tamén podes recorrer ao **Administrador de tarefas**.




Ferramenta de Microsoft, Process Explorer é un Administrador de tarefas mellorado.

2. Establecer un perímetro de seguridad

Antes de actuar hai que **eliminar calquera rastro de malware** ao axexo, non vaia ser que lle dea por interferir coas nosas operacións de limpeza. Se non hai un antivirus instalado e ao día coas actualizacións, toca escanear.

Un escáner dun só uso, como **Microsoft Safety Scanner** ou **McAfee AVERT Stinger**, é unha boa solución inicial; para os casos máis difíciles, mellor recorrer a un **antivirus en CD**.



Unha vez o sistema estea limpo, instálase un **antivirus gratuito** para evitar infeccións accidentais. **Microsoft Security Essentials** é un dos mellores, especialmente para equipos lentos. Outra opción é a excelente **Panda Cloud**.




Panda Cloud é un dos antivirus máis lixeiros en circulación.

3. Abrir unha canle de comunicación

É posible intervir sen conexión e coa axuda dun disco externo, pero non é o óptimo. Para instalar actualizacións de Windows e outras utilidades, é mellor **dispoñer dunha conexión estable**.

Hai un router na casa? Toma nota do seu SSID e clave, apágao e vólveo acender (un clásico). Se Windows conecta pero a conexión é lenta, **repara a pila TCP-IP** e cambia os servidores DNS con **DNS Jumper** (tras unha limpeza). Con **JDast** podes levar a cabo probas de conexión continuadas.




DNS Jumper encontra e activa os servidores DNS máis rápidos.

Topar con configuracións WiFi defectuosas é moi frecuente; na dúbida, borra o perfil de rede sen cabo e volve conectar. Segue a lentitude? Quizais **haxa intrusos na rede...** bótaos!

4. Sacar todo o lixo

Encontrar centenas de erros de Rexistro e programas mal instalados nun ordenador que nunca se optimizou é natural. Mesmo é posible atopalos con **software preinstalado** polo fabricante do equipo.

Executar a terapia de choque, neste caso, correspóndelle a **CCleaner**, un magnífico limpador para Windows. En poucos minutos permite borrar arquivos temporais, **desinstalar programas** e quitar entradas do arranque de Windows.



Para **programas duros de quitar**, como os antivirus, recomendamos **AppRemover**, un desinstalador enfocado a produtos de seguridade.

5. Instalar actualizaci3ns e ferramentas esenciais


Unha vez limpado o equipo, toca poñer ao d3a os seus compoñentes e programas principais. Empezar por Windows Update 3 una excelente idea. Logo, o paseo contin3a por **Java**, **Flash** e un bo **paquete de c3decs**.



Gornecer o sistema cun navegador robusto 3 indispensable para evitar problemas no futuro. **Firefox**, **Opera** e **Chrome** est3n al3 a esperarte. Tampouco v3n mal actualizar **Internet Explorer** e instalar a suite **Windows Live**.

6. Desfragmentar o disco duro

Tras borrar miles de arquivos, desinfectar carpetas e instalar novos programas, o disco duro querer3 berrar "abonda"; moi posiblemente o seu nivel de fragmentaci3n estea polas nubes. Instala **Defraggler** e deixa desfragmentando o disco. Se tes que marchar, non esquezas activar o apagamento autom3tico ao finalizares.



E posto que o **desfragmentado é unha das manobras máis importantes** que menos se leva a cabo, non é mala idea instalar un **salvapantallas-desfragmentador** ou un des fragmentador capaz de optimizar en segundo plano, como **Smart Defrag**.

7. Os últimos flocos

Xa está, o equipo volve marchar con rapidez. Pero non o apagues aínda: engade uns cantos toques estéticos para que o Escritorio luza como novo. **Cambia o fondo de escritorio** e instala un organizador de iconas (por exemplo, **Fences**).



Finalmente, por que non **Comodo Time Machine** e gardar unha instantánea de sistema? Iso aforrarache moito tempo cando volvan pedirche axuda...

Artigo de Fabrizio Ferri-Benedetti